

# SALVEMOS O MALECÓN



## POR UN MONFORTE SAN E DE FUTURO

A plataforma cidadá Salvemos O Malecón quere poñer de manifesto que, para ter un futuro próspero, Monforte debe encamiñarse a modelos de cidade actuais como están a facer positivamente outras cidades e vilas europeas e da nosa contorna. Unha vila que pretende erixirse como capital da Ribeira Sacra, con todo o potencial da mesma, non pode permitirse quedarse atrás e ignorar as políticas urbanísticas, de mobilidade, de transición enerxética e dixitalización do presente.

Está demostrado, a través das experiencias de todas as cidades que xa o fixeron, que estes modelos que crean cidades máis amables logran formar urbes atractivas, tanto para vivir nelas como para os visitantes, co que se acada un maior desenvolvemento e se fixa poboación. Para elo resulta urxente tomar decisións e levar a cabo unha serie de medidas básicas as cales entendemos que unha meirande parte da poboación pode abrazar:

### 1. NON Á SUBSTITUCIÓN DA PONTE PEONIL POR UNHA PARA COCHES NO MALECÓN

O malgasto na macroestrutura proxectada, que nin reconstrúe a ponte orixinal nin está situada no mesmo sitio, supón unha agresión paisaxística e medioambiental irreversible de primeira orde respecto á configuración actual moito máis acorde coa contorna natural da zona.

O interese turístico do Malecón xa é incuestionable. Este espazo verde é un dos favoritos dos monfortinos e os turistas captan a vista do río coa Ponte Vella ó fondo nunha fermosa estampa que non precisa de ningunha estrutura desta envergadura, e menos con tráfico rodado por riba. Polo contrario, a ruptura da harmonía natural e tranquila de dita estampa, pode prexudicar a atracción turística deste punto emblemático que proporciona un entorno ideal para o disfrute de turistas e monfortinos.

### 2. PEONALIZACIÓN INMEDIATA DA PONTE VELLA

A Ponte Vella que actualmente permite a circulación de vehículos (nunha única dirección) debe ser pechada inmediatamente ó tráfico, sen demora nin escusas, polo seu alto valor sentimental e patrimonial. O tráfico pode e debe ser redistribuído de xeito intelixente seguindo plans de mobilidade elaborados por expertos.

### 3. PRIORIZAR A REHABILITACIÓN DE CASAS NO CASCO E BARRIOS HISTÓRICOS

Monforte é unha das vilas cun maior número de casa deshabitadas, moitas de elas en estado de abandono ou directamente ruinosas (con todos os perigos que isto supón). Dende a plataforma vemos como se prioriza a realización de obras novas de magnitudes desproporcionadas cando hai un excedente de vivenda, no lugar de fomentar a rehabilitación ou reforma do que xa está construído. Os incentivos fiscais e axudas resultan claramente insuficientes e deberían ser unha prioridade absoluta para poñer en valor a vila e solucionar o estado decadente actual do casco histórico e outros barrios emblemáticos.

### 4. ABASTECIMENTO DE AUGA E VERTIDOS: CICLO DO AUGA.

Monforte ven sufrindo reiterados cortes nos abastecemento do auga dende fai anos polo mal estado no que se atopan as infraestruturas. Aínda que se comezou timidamente a atallar esta problemática resulta inxustificable a demora tan longa no tempo desta situación que dista moito de estar solucionada. O concello, aínda que teña dada a concesión do abastecemento, é o responsable en última instancia da mesma.

Por outra banda, a depuradora da vila non conta con suficiente capacidade, os colectores están obsoletos e os vertidos directos ó río son visibles asiduamente en varios puntos do Cabe contaminando o río e dando unha imaxe lamentable. Os concellos son os responsables en exclusiva da depuración das augas residuais urbanas e dos vertidos ó río, non a Confederación Hidrográfica.

### 5. APARCAMENTOS DISUASORIOS E FOMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO E DA BICICLETA

Para reducir a densidade do tráfico rodado no centro da vila débense acondicionar novas prazas en aparcamentos disuasorios, isto permitiría estacionar os vehículos e percorrer á pé ou en bicicleta o núcleo urbano máis comodamente.

Na mesma dirección de pacificar o tráfico faise necesario aumentar o itinerario e a frecuencia do transporte urbano, así como establecer peonalizacións preferentes nas rúas axeitadas. A peonalización preferente facilitaría a convivencia do transporte coa mobilidade peonil; permitiría ós transeúntes camiñar relaxadamente sen restrinxir o acceso á vehículos autorizados (transportistas, taxi, vehículos de emerxencia, residentes na zona, etc.) e aqueles que o precisen.

### 6. DIXITALIZACIÓN E ENERXÍAS ALTERNATIVAS: O CAMIÑO DO FUTURO

A Unión Europea está a investir grandes cantidades de cartos para que vilas coma Monforte formen parte activa do proceso de transición enerxética e dixitalización.

O concello non soubo ver durante anos a importancia de ter totalmente dixitalizado o centro urbano e as parroquias. O amplo atraso respecto a outras poboacións do acceso a fibra óptica supuxo a perda de postos de traballo dependentes dela (acentuada durante o covid) e polo tanto de poboación.

Un caso semellante está a acontecer coas enerxías renovables. O escaso fomento delas por parte do concello, as trabas administrativas a particulares e o non aproveitamento dos cartos europeos pode supor un novo atranco no desenvolvemento de Monforte.